

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2021 pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo unitario para o acceso aos corpos de Policía Local, categoría de policía, quenda de concurso.*

Con data do 10 de xullo de 2020 o DOG fixo pública a Orde do 8 de xullo pola que se convocaba o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos de Policía Local, categoría de policía, quendas libre e concurso, cuxo obxecto era a cobertura de 119 prazas de policía local nos concellos que se enumeraban na dita orde e na súa modificación.

Con data do 19 de xuño de 2021, o BOE publicou o anuncio da modificación da dita convocatoria e abriuse un novo prazo de presentación de solicitudes, rematado este e de acordo co establecido no punto 4 da referida Orde do 8 de xullo.

Con data do 5 de agosto de 2021, o DOG publicou a Resolución do 28 de xullo pola que se fixeron públicas as relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas deste proceso selectivo, na quenda de concurso, no cal se abriu un prazo de dez días hábiles, de emenda das solicitudes.

Tendo en conta o exposto, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Aprobar con carácter definitivo as listaxes de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo convocado por Orde do 8 de xullo de 2020 (DOG núm. 137, do 10 de xullo), na quenda de concurso.

As listaxes definitivas de persoas admitidas poderán consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública <http://agasp.xunta.gal>

A listaxe definitiva de persoas excluídas na quenda de concurso, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, recurso potestativo de reposición perante o director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer no prazo de dous meses recurso contencioso-administrativo de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Estrada, 28 de setembro de 2021

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

#### ANEXO

#### Listaxe definitiva de persoal excluído. Quenda de concurso

Apelidos	Nome	DNI	Motivo da exclusión
Diz García	Javier	***1991**	4
Fondo Balsas	María José	***6775**	1, 4
Leirós Díaz	Enrique	***6232**	2, 3, 4, 5
Tella Doval	José María	***5008**	4
Vilariño López	Martín	***5663**	6

Cod.	Motivo da exclusión
1	Modelo de solicitude non válido (base 3.2)
2	Non presenta xustificante do ingreso da taxa segundo o establecido (bases 3.4.1 e 3.5.2.a)
3	Non presenta certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de policía e contar coa antigüidade mínima de tres anos (base 3.5.2.b)
4	Non presenta relación de méritos por cada un dos puntos de que consta o concurso (base 3.5.2.c)
5	Non presenta copia da documentación acreditativa dos méritos alegados (base 3.5.2.d)
6	Desistencia da solicitude

